

RIBEIRA SACRA

Ola benvidos a o meu blog. Hoxe vou a contarvos todo o que podeades facer na Ribeira sacra e o acompañarei coa miña historia que conta o que fixen no Miño a fin de semana , das miñas vacacións na Ribeira Sacra .

Contan as meigas que Ribeira Sacra é o segredo mellor gardado de Galicia. paisaxes espléndidas, territorios inabarcables, sorprendentes monumentos, infinitas tradicións, un patrimonio cultural e artístico privilexiado.


Empecemos polo que todo o mundo sabe, por exemplo, que a Ribeira Sacra esta formada por os ríos Cabe , Sil e Miño, e que algúns municipios son : Bóveda, Carballedo , Monforte de Lemos , Esgos , Chantada, Montederramo, Xunqueira de Espadañedo, Castro Caldelas.

Que ver na Ribeira sacra :

Os Peares, Bambán do solpor (Nogueira de Ramuín), Fonte de san Bieito (Esgos),Mosteiro de Santa Maria de Xunqueira (Xunqueira de Españaedo), Mosterio de Santo Estevo (Ribas do Sil), Embarcadoiro (Ribas do Sil), Mirador pe do home (Nogueira de Ramuín).



Hai moitas cousas que facer aquí . Vouvos dicir algunhas cousas que facer: recorrer as pasarelas do río Mao, visitar unha adega de viño con denominación de orixe, visitar Castro Caldelas, visitar o Mosteiro Santo Estevo de Ribas do Sil, unha rota no coche polos miradoiros do Canón do río Sil, e moito máis!.



Tamén podes facer sendeirismo por sitios moi bonitos, por exemplo: Sendeiro dos viñedos de 12.3 km , a rota do canón do río Mao, camiño francés de 23.33 km , rota da fervenza da auga caída, do castro da Marce, en Pantón de 1 hora 15 minutos aproximadamente, rota da Teixeira de 13.7 km 5 horas e 50 minutos, rota do ouro e camiño real de 15.6 km e aproximado de 5 horas e 20 minutos, rota dos bosques máxicos, rota da capela de San Vitoiro e a Mina da Veneira , rota do Maquino Largaño.



Outro sitio de interese a onde ir e un campo de golf, ir nun voo en globo, ir a algúns museos como por exemplo o museo xeolóxico de Quiroga ou agora para os nenos o museo da Casa das Monecas de Monforte.

E se nos poñemos un pouco mais glotóns podemos falar das comidas típicas da Ribeira Sacra, como o aceite o viño, ou a carne, tamén os doces o pan e o augardente.

¿Onde xantar? *pois* na Terra galega meiga ou ata en Don Manuel – Bistrò.

¿Onde durmir? *pois* hai dende hoteis ata vivendas de uso turístico por exemplo, Añada 17, La Casita de Caro, luminoso loft, La casita de la Ribeira Sacra.

Festas, hai moitas pero unhas moi famosas son: o Entroido Ribeirao, a festa da empanada, o Magosto de San Martiño, romaría de San Mateo, a festa da tenreira galega, a festa da auga ardente, o sábado longo, oso de Salcedo; en fin, hai moitas...!



Na Ribeira Sacra hai moita natureza, sitios onde acampar, flora e fauna .
Embarcadoiros no río Sil: santo Estevo, Abeleda, Ponte do Sil e Os Chancís.
Embarcadoiros do río Miño: Belesar e Os Peares .

MONUMENTOS:

- Mosteiro de Santo Estevo de Ribas do Sil.
- Mosteiro de Santa Cristina de Ribas do Sil.
- Balcóns de Madrid
- Mosteiro de San Paio de Abeleda.
- Mosteiro de Xunqueira de Espadañedo.
- Mosteiro de San Pedro de Rocas en Esgos.

Entre tantos detalles esquecínme de contar a miña historia!

O venres pola mañá saín da escola un pouquiño antes para preparar a miña equipaxe, tan pronto terminei de facer a equipaxe saímos todos cara o coche. Montamos e arrancamos.

Chegamos cansadísimos. Aloxámonos no Pazo de Sober, un edificio de pedra do século XVII, rodeado de 20 000 m² de xardíns onde xogamos as agachadas, o hotel tiña un balneario súper divertido! Xa que estábamos moi cansadas, deiteime cedo.

O día seguinte, tomamos un rico almorzo e tomamos rumbo os Canóns do Sil onde collemos un catamarán e recorreremos os Canóns do Sil. Foi unha experiencia única e divertida.



Como nos quedamos coas gañas de velo dende arriba, visitamos algúns dos miradoiros mais bonitos; o Miradoiro do Cabo do mundo, os Balcóns de Madrid e o que mais nos gustou, o Miradoiro de Vilouxé. Despois de xantar un famoso cocido riquísimo, fomos a visitar algúns mosteiros: o de Santa Cristina, San Estevo e San Pedro de Rocas; e acabamos en Castro Caldelas visitando o seu castelo e merendando un bo anaco de bica cun vaso de leite fresquiña.



O día seguinte, levanteime cedo e fun facer una bonita rota de sendeirismo: a rota do Muiño da Luz e as pasarelas do río Mao. Pola tarde fomos ata o pobo de Belesar e paseamos pola rota dos Viñedos.

Volvemos a casa pensando que foi unha excursión inesquecible.

Aconséllaros ir de vacacións a Ribeira Sacra. Non vos arrepentiredes, todo o contrario!

Coral Vázquez del Pozo.

